

POMBAIS E POMBAS

Pombal, casa das pombas, é unha construción bastante frecuente en Galicia, e na nosa bisbarra na maior parte dos casos son de forma cilíndrica. En termos xerais son de pedra, cuberta de argamasa. O tellado adáptase o xeito da edificación e, a uns trinta centímetros da cuberta sobresa un especie de pousadoiro, aproximadamente voa vinte centímetros, onde se pousan as pombas antes de entrar e saír por varios ventanucos. A menos dun metro do solo leva unha porta de menos dun metro cadrado de superficie, para que poidan acceder as persoas o interior. Os pombais constrúense preto das casas, xeralmente, nunha finca coñecida co nome de pombal e simbolizan grandeza e señorío. En Galicia abundan uns pequenos palacios que reciben o nome de “pazos”, con certas construción adxectivas, como son o hórreo mailo pombal.

Se desexamos coñecer a orixe dos pombais hemos de remontarnos a época dos romanos que xa os fixeron cunha dobre finalidade: Comercial e estética.

Cando se dedica unha parte da casa a vivenda e cría de pombas, entón recibe o nome de pombeiro.

Se interesa coñece-los pombais da nosa bisbarra hai na páxina unha interesante colección de fotografías, onde se expoñen tódolos do noso concello, unha xentileza de Xesús Batán Míguélez responsable da páxina.

As Colúmbidas constituen un grupo de case trescentas variedades, indubitablemente a máis coñecida é a das pombas, especialmente as domésticas, que son as que máis abundan na nosa bisbarra. A maior parte delas fan o niño nas árbores e nas rocas, coa excepción das que habitan nos pombais, que poñen os ovos nos casetos que lles fan no interior do habitáculo. As crías son coñecidas co nome de pichóns, carne de excelente calidade, asada, estofada ou en empañada, ata o extremo de que mellora substancialmente a dieta das familias propietarias de pombais. Non ocorre o mesmo coa carne das pombas que ten pouca aceptación. Isto recórdame aquel conton da sogra que se lamenta do comportamento do seu fillo político dicindo que poucas veces lle da a proba da perdiz e ha de conformarse coa carne de pomba.

As pombas amosan o pico córneo, tirando a ganchudo, en cada pata exhibe catro dedos, tres van unidos pola base e dirixidos cara adiante, o outro queda libre na parte posterior. As crías nacen cegas e completamente espidas, aínda botan tempo no niño, o alimento parece leite que secretan as pombas por dúas glándulas que teñen no buche. As pombas abundan moito nos campos, especialmente, na sementeira e na colleita, porque se alimentan de vexetais, sobre todo de sementes, causando moito dano na agricultura. Na actualidade nas cidades constituen unha auténtica praga, son moi sucias e ademáis o excremento delas é

corrosivo ocasionando graves danos nos tellados e nos edificios e monumentos de pedra. Antiguamente as pombas domésticas eran moi perseguidas polos cazadores, circunstancia que regulaba a reprodución, algo semellante ocorre cando se consumen os pichóns. Sen dúbida, calquera variedade de pombas son bonitas e simpáticas, pero en grandes bandadas son temibles.

As pombas mensaxeiras amosan o sentido da orientación moi desenrolado e na antigüidade xogaban un papel importante nas guerras, levando mensaxes, pero xa na actualidade existen outros medios de comunicación moito máis sofisticados. Está demostrado que se levamos unha pomba mensaxeira nun medio completamente cerrado, a moitos kilómetros de distancia, en canto a ceiban regresa o punto de partida e non falla nunca. Esa é unha calidade exclusiva das mensaxeiras, por exemplo, as domésticas nada de nada. Aínda sendo mensaxeiras non son todas iguais, porque hai algunhas que amosan certa superioridade. En Bélxica e noutros países existen persoas tan aficionadas a cuidar e ensinar as devanditas pombas que, con moita frecuencia obteñen resultados verdadeiramente increíbles. No devandito país esta afición ten a consideración de Deporte Nacional, e fanse competicións ata de mil kilómetros de percorrido.

As pombas, en termos xerais, son moitos os inimigos que teñen, as aves rapaces, tanto diurnas coma nocturnas, e tamén son portadoras de moitos parásitos que lles causan enfermidades

graves. Cando se trata de mensaxeiras os aficionados desinfectanas con tratamentos antiparasitarios. Cando observamos pombais e pombeiros sen pombas, xeralmente , é porque morreron, por falta de hixiene.

Outra variedade importante é a pomba zurita, que vive en grupos pequenos e son ágiles e presumidas e amosan a consideración de agriotipo das pombas domésticas, diferénciase da brava e da torcaz, por que ten a rabadilla branca e cores metálicos no pescozo, abunda en España, vive en zonas boscosas, entre rocas e lugares practicamente inaccesibles, preto do mar

A tórtola é a máis pequena das colúmbidas silvestres. A máis coñecida na nosa comarca é a rula. Chega a Galicia no mes de abril, logo emigra a primeiros de agosto, fai o niño nas árbores, dun xeito moi sinxelo, uns poucos garabullos, pon dous ovos, están organizadas en parellas, a xuntanza perdura ao longo de toda a vida, considérase coma símbolo de fidelidade. O canto é doado recordalo, ru-ru. Ese concepto, rula, especialmente, o diminutivo ruliña, amosa un sentido agarimoso as persoas que se lles quere moito: “Ai rula, rula ruliña,/ ti sabes canto che quero,/ sendo tan amorosiña / o mesmo de ti espero!”

Existen documentos de que as pombas xa existían na cuarta dinastía egipcia, por outra banda Plinio escribe que as mesmas gozaban en Roma de extraordinaria aceptación.

As pombas domésticas é frecuente velas como elementos decorativos en cemiterios, hórreos, chemineas, etc. Case sempre

se colocan dúas, de xeito que se miran unha a outra. A característica predominante na cor das pombas é o branco, ata o extremo de que algunhas son brancas de todo, coma por exemplo a pomba que simboliza a paz, cun ramiño de olivo no pico.

En Galicia, especialmente na montaneira, abunda a paloma torcaz, coñecida tamén co nome de pombo, por certo, moi difícil de cazar, ademáis, moi perseguida polos cazadores, cuxa carne ten moita aceptación. Vive nos grandes bosques e pousa na parte máis alta das árbores. Os aficionados a caza dos pombos, coa finalidade de sorprendelos, fan casetos de ramas nas carballeiras, porque no outono aliméntanse de belotas. Na nosa bisbarra é moi frecuente o refrán: “Matar dous pombos dun tiro”. Obter dobre ganancia nun so intento O pombo come principalmente sementes e baías, aínda que a veces tamén se alimenta de insectos e larvas. Altamente perxudicial para a agricultura. É diferente da pomba brava, porque amosa dúas manchas brancas no pescozo e os bordes das ás tamén brancos.

A pomba brava é diferente da torcaz, non fai niño, aproveita o de outras aves ou pon os ovos nun furado dunha árbore moi vella e na plumaxe o branco xa non existe.

A pomba calzada recibe ese nome, porque leva as patas completamente cubertas de plumas..

Un caso curioso e tamén é o da pomba da neve, que pode vivir ata a catro ou cinco mil metros de altura, como ocorre no Everest.

[Sócrates Rigueira Ramos](#)